

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE LINGUAXE MUSICAL



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

Centro: 15032133 | ESMU Municipal de Ortigueira



Escola de Música Concello de
Ortigueira

(*) Xefe de Departamento: Carlos Diéguez Beltrán

Programación Didáctica

Departamento LINGUAXE MUSICAL

ÍNDICE

1. Contextualización

2. Obxectivos

3. Contidos xerais

4. Metodoloxía didáctica

4.1. Principios metodolóxicos xerais

4.2. Principios metodolóxicos concretos

5. Clases colectivas

6. Criterios de avaliación

7. Criterios de cualificación

7.1. Escala cualitativa

7.2. Criterios para a promoción

8. Atención á diversidade e adaptacións curriculares

8.1. Principios xerais

8.2. Adaptacións metodolóxicas

8.3. Seguimento individualizado

8.4. Alumnado con NEE

9. Actividades complementarias e extraescolares

10. Temas transversais

- 10.1. Educación en valores
- 10.2. Igualdade de xénero
- 10.3. Educación para a paz e a convivencia
- 10.4. Educación para a saúde e o benestar
- 10.5. Educación ambiental
- 10.6. Identidade cultural e patrimonio galego

11. Tratamento das TIC's

- 11.1. Uso de recursos TIC na aula
- 11.2. Difusión e proxectos dixitais da Escola

11.3. Función pedagóxica das TIC

12. Contidos por curso / instrumento

- 12.1. Nivel Básico (BA-1, BA-2, BA-3)
 - 12.2. Nivel Intermedio (IN-1, IN-2, IN-3)
 - 12.3. Nivel Avanzado (AV-1, AV-2, AV-3, AV-4)
 - 12.4. Nivel Adultos (AD-1, AD-2, AD-3)
- (inclúense os criterios de cualificación específicos por nivel)

13. Bibliografía xeral e recursos didácticos

1.- CONTEXTUALIZACIÓN

A materia de **Linguaxe Musical** ocupa un lugar central na formación do alumnado da Escola Municipal de Música de Ortigueira, pois constitúe a base sobre a que se apoia a aprendizaxe instrumental e a participación en conxuntos. Non se trata só dunha disciplina teórica, senón dun espazo de desenvolvemento integral no que conflúen a lectura, a entoación, a comprensión auditiva e a práctica colectiva da música.

A diferenza doutras ensinanzas reguladas, nas escolas municipais de música a materia de Linguaxe Musical preséntase cun carácter **aberto e flexible**, adaptado á realidade do centro e á diversidade do seu alumnado. O obxectivo fundamental é ofrecer unha formación sólida, accesible e motivadora, que permita ao estudantado adquirir as ferramentas necesarias para gozar da práctica musical en todas as súas dimensións: individual, grupal e comunitaria.

Nesta programación establécese unha organización por **niveis**, en correspondencia coa progresión habitual das ensinanzas musicais:

- **Nivel Básico (BA-1, BA-2, BA-3):** equivalente aos dous primeiros cursos das ensinanzas elementais. Neste nivel priorízase a aprendizaxe dos fundamentos: lectura e escritura musical básica, coñecemento dos ritmos e compases máis sinxelos, entoación de melodías populares e recoñecemento auditivo de estruturas musicais elementais.
- **Nivel Intermedio (IN-1, IN-2, IN-3):** equivalente a 3º e 4º de elemental. Supón unha consolidación da lectura, a incorporación de compases compostos e sínkopas, a práctica da entoación a dúas voces, ditados máis complexos e unha aproximación á análise de frases musicais.
- **Nivel Avanzado (AV-1, AV-2, AV-3, AV-4):** equivalente aos dous primeiros cursos de grao profesional. Trabállase con maior profundidade a teoría musical (escalas menores harmónica e melódica, intervalos compostos, acordes de 7ª), a entoación en polifonía, ditados con modulación e unha introdución á análise formal e harmónica.

- **Adultos (AD-1, AD-2, AD-3):** itinerario flexible adaptado á diversidade de intereses e ritmos de aprendizaxe. O obxectivo é acadar os contidos equivalentes ao grao elemental, pero sempre priorizando a motivación, a práctica musical aplicada e a convivencia interxeracional.

Cómpre salientar que a materia non só busca transmitir coñecementos musicais, senón tamén **habilidades e valores transversais**: a disciplina, a responsabilidade, o traballo en grupo, a sensibilidade artística, a capacidade crítica e o pracer estético. A súa metodoloxía promove a escoita activa, a creatividade e o uso das tecnoloxías da información e comunicación como ferramentas habituais de aprendizaxe.

Finalmente, a contextualización da materia de Linguaxe Musical na Escola Municipal de Música de Ortigueira debe entenderse tamén no seu **marco social e comunitario**. A través da aprendizaxe desta disciplina, o alumnado non só desenvolve competencias musicais, senón que tamén se integra nun proxecto colectivo que reforza a identidade cultural de Ortigueira, achegando a música a todas as idades e a todos os recunchos do municipio.

2.- OBXECTIVOS

A materia de Linguaxe Musical na Escola Municipal de Música de Ortigueira ten como finalidade principal proporcionar ao alumnado os coñecementos, destrezas e actitudes necesarias para comprender a linguaxe propia da música, utilizala como medio de expresión e aplicala á práctica instrumental e colectiva.

O enfoque non é meramente teórico, senón eminentemente **vivencial e práctico**, buscando que o alumnado interiorice os elementos da linguaxe musical a través da escoita, a interpretación, a lectura, a escritura e a creación.

2.1. Obxectivos xerais

1. **Comprender e utilizar a linguaxe musical** como ferramenta básica para a interpretación e a creación musical.
2. **Adquirir fluidez na lectura e escritura musical**, aplicando correctamente os signos de notación, expresión, articulación e dinámica.
3. Desenvolver a **capacidade de escoita activa**, recoñecendo elementos

rítmicos, melódicos, harmónicos e formais en fragmentos musicais.

4. Potenciar a **entoación afinada** e a correcta interpretación vocal de melodías de dificultade progresiva.
5. Afondar na comprensión do **ritmo e do pulso**, interiorizando a métrica e a acentuación en distintos compases.
6. Iniciarse na **percepción e análise musical**, recoñecendo estruturas, motivos, cadencias e formas sinxelas.
7. Fomentar a **autonomía de estudo** e a capacidade de aplicar os coñecementos de linguaxe musical á práctica instrumental.
8. Promover a **creatividade musical**, a través da improvisación, a composición de pequenas pezas e a exploración de sonoridades.
9. Favorecer a **convivencia, a responsabilidade e o traballo en grupo**, entendendo a música como unha actividade social e compartida.
10. Integrar o uso das **TIC** como recurso de aprendizaxe e como medio de difusión das experiencias musicais do alumnado.

2.2. Obxectivos específicos por ámbitos

- **Lectura e entoación**

- Conseguir unha lectura rítmica e melódica fluída, con independencia progresiva das referencias instrumentais.
- Desenvolver a entoación en unha e varias voces, garantindo a afinación e a expresividade.

- **Ritmo e pulso**

- Interiorizar compases simples, compostos e irregulares.
- Recoñecer e interpretar correctamente figuras, silencios, ligaduras, sínkopas e contratempos.
- Aplicar o pulso común en actividades colectivas, mantendo a estabilidade rítmica.

- **Escoita e ditado**

- Realizar ditados rítmicos e melódicos adecuados ao nivel de cada curso.

- Recoñecer auditivamente intervalos, escalas, cadencias e acordes básicos.
- Desenvolver a memoria auditiva e a capacidade de reproducir fragmentos musicais escoitados.
- **Teoría e análise**
 - Coñecer e aplicar as normas da notación musical.
 - Identificar escalas maiores e menores, intervalos e acordes fundamentais.
 - Analizar frases e períodos musicais sinxelos, comprendendo a súa estrutura.
- **Creación e improvisación**
 - Elaborar pequenas composicións individuais e colectivas.
 - Explorar a improvisación rítmica e melódica como recurso expresivo.
 - Integrar elementos da tradición musical galega e doutras culturas nas propostas creativas.
- **Dimensión social e cultural**
 - Participar activamente nas audicións, concertos e proxectos da Escola.
 - Valorar a diversidade de estilos musicais, desde a música clásica ata a tradicional e a contemporánea.
 - Recoñecer a música como parte do patrimonio cultural de Ortigueira e como vehículo de expresión comunitaria.

3.- CONTIDOS XERAIS

Os contidos de Linguaxe Musical estrutúranse en grandes bloques interrelacionados, que se desenvolven de forma progresiva ao longo dos niveis. Estes bloques non se conciben como compartimentos pechados, senón como ámbitos de aprendizaxe que se traballan de maneira integrada na aula, combinando teoría, práctica, escoita e creación.

3.1. Lectura musical

- **Lectura rítmica e melódica** progresiva, con e sen texto, en clave de sol e fa, incorporando tamén a clave de do en niveis avanzados.
- Entoación vocal de melodías sinxelas e complexas, con acompañamento harmónico ou instrumental cando sexa necesario.
- Lectura a primeira vista de fragmentos adaptados, promovendo a independencia progresiva da referencia instrumental.
- Uso da voz como instrumento principal para interiorizar intervalos, escalas e fragmentos melódicos.

3.2. Ritmo e pulso

- Interiorización do pulso e a métrica en diferentes compases: binarios, ternarios, cuaternarios, compostos e irregulares.
- Práctica con diferentes figuras, silencios, puntillos, ligaduras e subdivisións.
- Exercicios de síncope, contratempos, cambios de compás e polirritmia adaptada ao nivel.
- Actividades de percusión corporal e uso de pequenos instrumentos de percusión para reforzar a comprensión rítmica.
- Desenvolvemento da coordinación grupal a través de xogos rítmicos e exercicios colectivos.

3.3. Entoación

- Práctica vocal individual e colectiva para desenvolver a afinación e a expresividade.
- Entoación de escalas, arpexos e intervalos progresivos.
- Traballo de melodías monódicas e polifónicas adaptadas ao nivel.
- Práctica de cánones e pezas a dúas ou máis voces en niveis intermedios e avanzados.
- Aplicación da entoación a repertorio tradicional galego, popular e clásico.

3.4. Ditado musical

- Ditados rítmicos: desde células sinxelas ata patróns complexos con sínkopas e contratempos.
- Ditados melódicos: fragmentos tonais progresivamente máis amplos, con saltos interválicos crecente en dificultade.
- Ditados harmónicos: identificación de cadencias e acordes básicos en niveis avanzados.
- Ditados formais: recoñecemento de estruturas fraseolóxicas sinxelas.
- Exercicios de memoria auditiva e repetición de motivos escoitados.

3.5. Teoría e notación

- Identificación e uso de figuras, silencios, claves e compases.
- Coñecemento das escalas maiores, menores e modos máis frecuentes.
- Estudo dos intervalos e dos acordes básicos (tríadas, tétrades en niveis avanzados).
- Análise de cadencias, frases e períodos musicais.
- Estudo dos signos de expresión, articulación e dinámica.
- Introducción á análise formal e harmónica en niveis avanzados.

3.6. Audición e análise

- Escoita activa e guiada de obras musicais de diferentes estilos e épocas.
- Recoñecemento auditivo de compases, intervalos, escalas e cadencias.
- Identificación de instrumentos e familias instrumentais.
- Análise de estruturas sinxelas (frase, período, forma binaria e ternaria).
- Valoración crítica e comparativa de diferentes interpretacións.
- Coñecemento da tradición musical galega e da súa integración no contexto universal.

3.7. Creación e improvisación

- Composición de pequenas pezas rítmicas e melódicas.
- Improvisación vocal e rítmica como exercicio de expresión persoal.
- Elaboración de acompañamentos para melodías populares ou fragmentos sinxelos.
- Creación de proxectos colectivos: pezas a dúas voces, cánones ou pequenas obras para ser presentadas en audicións.
- Uso de recursos tecnolóxicos para apoiar a creación musical (gravación, edición sinxela de partituras en MuseScore, etc.).

4.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía empregada na materia de Linguaxe Musical busca ofrecer unha aprendizaxe integral, activa e motivadora, adaptada á realidade do alumnado da Escola Municipal de Música de Ortigueira. Preténdese que o proceso de ensino-aprendizaxe sexa progresivo, flexible e inclusivo, integrando a práctica musical con elementos teóricos e fomentando a creatividade.

4.1. Principios metodolóxicos xerais

Aprendizaxe activa e participativa

O alumnado é o protagonista do seu proceso formativo. As clases estrutúranse arredor da práctica: canto, percusión corporal, ditados, lectura en grupo, xogos rítmicos e melódicos, análise e creación.

Enfoque progresivo e global

Os contidos introdúcense de forma gradual, sempre partindo do máis sinxelo cara ao máis complexo. A aprendizaxe da linguaxe musical non se separa da práctica instrumental, senón que se integra con ela, buscando a transferencia constante de coñecementos.

Interdisciplinariedade

A materia de Linguaxe Musical complétase co traballo en instrumento, conxunto e actividades complementarias. A coordinación entre profesorado garante unha formación coherente e adaptada.

Atención á diversidade

As metodoloxías, materiais e ritmos de traballo adáptanse ás características individuais do alumnado. Utilízanse arranxos personalizados, reforzos e materiais complementarios cando é necesario.

Aprendizaxe cooperativa

O traballo en grupo favorece a escoita mutua, a responsabilidade compartida e o respecto polas achegas dos demais. Poténciase o sentido de comunidade e de participación.

Dimensión social e cultural

O ensino da linguaxe musical está vinculado ao patrimonio cultural galego e universal. Valórase a música tradicional, popular e contemporánea como parte esencial da formación integral do alumnado.

Uso das TIC

As tecnoloxías incorpóranse como recurso habitual: pantalla dixital para partituras e audicións, gravacións para autoavaliación, audios de apoio (*play-along*), canle de YouTube da Escola, podcast e web oficial.

4.2. Principios metodolóxicos concretos

- **Lectura e entoación**

- Traballo diario de entoación con apoio de instrumentos ou acompañamentos.
- Alternancia entre lectura individual e colectiva para reforzar a seguridade.
- Emprego de métodos activos (solmización relativa, manuais visuais, sistemas de xestos).

- **Ritmo e percusión corporal**
 - Exercicios progresivos de percusión corporal, acompañados de movemento.
 - Lectura rítmica en diferentes compases, con apoio de metrónomo e instrumentos de percusión.
 - Traballo de sínkopas, contratempos e polirritmia en niveis avanzados.
- **Ditados**
 - Ditados rítmicos e melódicos graduados en dificultade.
 - Corrección colectiva e reflexión sobre os erros para mellorar a audición interna.
 - Uso de gravacións propias e externas como base de exercicios.
- **Audición e análise**
 - Sesións de escoita activa con guías adaptadas.
 - Análise de fragmentos musicais en directo ou gravados, atendendo á súa forma, ritmo, melodía e estilo.
 - Comparación entre diferentes interpretacións para fomentar o espírito crítico.
- **Creación e improvisación**
 - Espazos específicos para experimentar coa improvisación rítmica e melódica.
 - Elaboración de pequenas pezas individuais e colectivas, presentadas en audicións.
 - Fomento da creatividade mediante xogos musicais, propostas abertas e proxectos colaborativos.
- **Integración coas actividades da Escola**
 - Coordinación co profesorado de conxunto e instrumento para preparar repertorio común.
 - Implicación do alumnado en proxectos transversais: concertos temáticos, audicións interactivas, proxectos audiovisuais.

5.- CLASES COLECTIVAS

A materia de **Linguaxe Musical** impártese sempre en **régime colectivo**, de acordo co establecido no Regulamento da Escola Municipal de Música de Ortigueira, que fixa un máximo de **16 alumnos/as por grupo**. Esta organización garante un equilibrio entre a atención individual e o aproveitamento das dinámicas grupais.

A diferenza da clase de instrumento, de carácter individual ou en pequenos grupos, a clase de Linguaxe Musical é un espazo compartido no que o alumnado de distintas especialidades instrumentais se reúne para adquirir os fundamentos comúns da linguaxe da música. Isto supón unha oportunidade para fomentar a convivencia, a cooperación e o traballo en equipo, ao tempo que se consolidan os coñecementos teóricos e prácticos.

A distribución do alumnado realízase por **niveis (Básico, Intermedio, Avanzado e Adultos)**, garantindo unha progresión pedagóxica coherente:

- En **Nivel Básico**, os grupos están centrados na adquisición de hábitos de lectura, ritmo e entoación.
- En **Nivel Intermedio**, trabállase a consolidación da escritura e análise musical.
- En **Nivel Avanzado**, foméntase a comprensión harmónica e formal, así como a aplicación á práctica instrumental e de conxunto.
- En **Adultos**, a organización é máis flexible, priorizando a motivación e os intereses musicais do alumnado.

A clase colectiva permite:

- **Traballar en grupo** a lectura rítmica e melódica, fomentando a escoita mutua e a disciplina compartida.
- **Compartir aprendizaxes** entre estudantes de diferentes instrumentos, creando un espazo común de aprendizaxe musical.
- **Desenvolver dinámicas activas**, como xogos rítmicos, improvisacións, debates sobre audicións ou traballo por parellas.
- **Preparar repertorio transversal**, que despois se aplica nas materias de conxunto (banda, coro, combos, grupos tradicionais).

A clase colectiva de Linguaxe Musical é o **eixo vertebrador da aprendizaxe común** na Escola: garante a adquisición dos fundamentos necesarios, reforza a integración do alumnado e constitúe un espazo de convivencia educativa que complementa o traballo individual de instrumento e a práctica en conxunto.

6.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación en Linguaxe Musical na Escola Municipal de Música de Ortigueira é **continua, formativa e cualitativa**. O obxectivo non é sancionar, senón guiar e acompañar o proceso de aprendizaxe, recoñecendo os avances e detectando aspectos de mellora.

Non se empregan cualificacións numéricas, senón unha escala **cualitativa oficial** que recolle os niveis de logro: **Excelente, Ben, Apto, Apto con mellora pendente, Necesita mellorar, Non apto**.

6.1. Ámbitos e aspectos a avaliar

Ámbito musical e técnico

- **Ritmo e lectura:** precisión na lectura rítmica e melódica, estabilidade do pulso, corrección na subdivisión.
- **Entoación:** afinación vocal individual e colectiva, expresividade e adecuación estilística.
- **Audición e ditados:** capacidade de reproducir motivos rítmicos e melódicos, recoñecemento de escalas, intervalos e cadencias.
- **Teoría musical:** comprensión da notación, escalas, intervalos, acordes e conceptos harmónicos/formais.
- **Memorización e precisión interpretativa:** capacidade de reproducir exercicios e melodías sen partitura, seguridade na execución.
- **Progreso continuo:** evolución positiva ao longo do curso, constancia no traballo.
- **Expresión musical:** desenvolvemento da sensibilidade artística e uso de recursos expresivos.

Ámbito actitude e aprendizaxe

- **Asistencia e puntualidade:** cumprimento regular coas clases.
- **Interese e participación activa:** implicación nas actividades da aula.
- **Traer o material:** responsabilidade e organización.
- **Entrega de tarefas:** cumprimento de exercicios propostos dentro do prazo.
- **Aportación ao grupo:** disposición para traballar en equipo, respecto e colaboración.
- **Acadar os obxectivos educativos:** grao de consecución das metas fixadas en cada nivel.

6.2. Procedemento de avaliación

- A avaliación realízase mediante **observación continua en clase**, comprobación de tarefas, exercicios escritos, entoación, ditados e participación en audicións.
- Cada trimestre elaborárase un **Informe Individual de Seguimento** (segundo o modelo oficial da Escola), que será remitido por correo electrónico ás familias ou ao alumnado adulto.
- Os informes recollerán tanto os aspectos musicais/técnicos como os de actitude e aprendizaxe, co fin de ofrecer unha visión global.
- Establécese unha **sesión mínima de tutoría trimestral**, para orientar sobre os avances, as dificultades e o estudo autónomo.
- O alumnado poderá realizar **autoavaliación** mediante gravacións propias, revisión de exercicios e comentarios compartidos en clase.
- A decisión sobre a promoción de nivel será tomada ao final de curso, baseándose na evolución continua, no cumprimento dos obxectivos e na valoración global do profesorado.

Ao final do curso elaborárase unha Acta de Avaliación Final, segundo o modelo oficial, recollendo a promoción de nivel ou a permanencia no mesmo.

Informe de Seguimento e Avaliación Final

Profesor/a:	
Alumno/a:	
NIVEL: ☐ Básico 1 (BA-1) ☐ Básico 2 (BA-2) ☐ Básico 3 (BA-3) ☐ Intermedio 1 (IN-1) ☐ Intermedio 2 (IN-2) ☐ Intermedio 3 (IN-3) ☐ Avanzado 1 (AV-1) ☐ Avanzado 2 (AV-2) ☐ Avanzado 3 (AV-3) ☐ Avanzado 4 (AV-4) ☐ Adulto 1 (AD-1) ☐ Adulto 2 (AD-2) ☐ Adulto 3 (AD-3)	

Ámbito Musical / Técnico

Ritmo e Lectura	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Entoación	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Audición e dictados	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Teoría Musical	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Memorización precisión interpretativa	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Progreso continuo	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Expresión musical	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto

Ámbito Actitude e Aprendizaxe

Asistencia e puntualidade	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Interese e participación activa	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Traer o material	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Entrega de Tarefas	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Aportación ao grupo	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Acada os Obxectivos Educacionais	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto

7.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación non terá carácter numérico, senón **cualitativo**, seguindo o establecido nos modelos oficiais da Escola.

7.1. Escala de cualificación cualitativa

- **Excelente** – Supera amplamente os obxectivos. Actitude exemplar.
- **Ben** – Cumpre axeitadamente os obxectivos. Participación activa e responsable.
- **Apto** – Cumpre os mínimos establecidos. Evolución positiva.
- **Apto con mellora pendente** – Cumpre o mínimo, pero con aspectos mellorables.
- **Necesita mellorar** – Non alcanza os obxectivos con claridade.
- **Non apto** – Non se observou progreso significativo nin actitude adecuada.

7.2. Criterios para a promoción

Segundo o artigo 18 do Regulamento de Organización da Escola de Música:

- O profesorado de cada materia determinará a promoción en base á progresión e resultados da avaliación continua.
- O Órgano de Coordinación Docente revisará os criterios de avaliación e a coherencia dos informes.
- O alumnado ou as familias poderán presentar reclamación ante a dirección no prazo de cinco días naturais desde a comunicación da avaliación final.

8.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ADAPTACIÓNS CURRICULARES

A materia de Linguaxe Musical caracterízase por ser unha ensinanza **común e integradora**, polo que é un espazo privilexiado para atender a diversidade do alumnado. O obxectivo é garantir que todos e todas poidan participar e progresar, con independencia da súa idade, formación previa ou necesidades educativas específicas.

8.1. Principios xerais

- Asegurar a **igualdade de oportunidades** no acceso e desenvolvemento da materia.
- Promover unha **aprendizaxe inclusiva**, respectando ritmos individuais e adaptando contidos cando sexa preciso.
- Favorecer a **convivencia interxeracional**, xa que na Escola coinciden nenos, mozos e persoas adultas.
- Integrar o ensino da linguaxe musical coa práctica instrumental e de conxunto, para que o alumnado atope sentido e aplicación inmediata aos contidos.

8.2. Medidas de apoio

- **Adaptación de materiais:** simplificación de exercicios, uso de partituras adaptadas, cambio de tonalidade ou nivel de dificultade.
- **Recursos TIC:** utilización de audios, vídeos e ferramentas dixitais para reforzar a aprendizaxe autónoma.
- **Ensino individualizado dentro do grupo:** tarefas diferenciadas para alumnado con máis ou menos nivel, mantendo a cohesión da clase.
- **Reforzo positivo:** recoñecemento da evolución persoal máis que da comparación cos demais.
- **Integración progresiva:** o alumnado con máis dificultades pode comezar con exercicios máis sinxelos e ir asumindo progresivamente retos de maior complexidade.

8.3. Funcións do profesorado e do Órgano de Coordinación Docente

- O profesorado, segundo o artigo **6.1** do Regulamento, realizará un seguimento individualizado, adaptando metodoloxía e avaliación cando sexa necesario.
- O **Órgano de Coordinación Docente (art. 8)** velará por que estas adaptacións sexan coherentes co conxunto da Escola e revisará a súa aplicación.

8.4. Alumnado con necesidades educativas especiais (NEE)

O alumnado con NEE ten dereito á escolarización na Escola. Segundo o **artigo 4** do Regulamento da Escola Municipal de Música de Ortigueira, nos grupos con alumnado con necesidades educativas especiais (NEE):

- **Non pode haber máis dun neno ou nena con NEE por aula de materias colectivas.**
- Cada praza de integración **contabilízase como dobre**, tanto en materias individuais como colectivas.
- Se houbese máis alumnado con NEE que grupos dispoñibles, poderíase habilitar unha aula específica, coa autorización da dirección pedagóxica.
- Estableceranse adaptacións organizativas e metodolóxicas específicas:

apoio individualizado, tempos diferenciados, tarefas simplificadas, avaliación cualitativa personalizada.

- Potenciarase a súa integración en actividades colectivas, sempre que sexa posible e respectando o seu ritmo de aprendizaxe.

8.5. Alumnado adulto

- A programación de adultos terá carácter **flexible**, adaptándose á diversidade de intereses e expectativas.
- O nivel de esixencia será modulable: buscarase a motivación, a práctica aplicada e a vinculación coa realidade cultural do alumnado.
- A avaliación será tamén cualitativa, recoñecendo o progreso individual por riba da comparación cos estándares de idade escolar.

9.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias e extraescolares constitúen unha parte esencial da aprendizaxe en Linguaxe Musical, pois permiten ao alumnado aplicar en contextos reais os contidos traballados na aula, reforzando así a súa motivación e a conexión coa vida cultural da comunidade.

Estas actividades organízanse sempre en consonancia co **Plan Anual de Actividades da Escola Municipal de Música de Ortigueira**, aprobado polo Órgano de Coordinación Docente, polo que non se establecen datas fixas nesta programación.

9.1. Finalidades educativas

- Favorecer a aplicación práctica dos coñecementos de linguaxe musical en situacións reais de interpretación.
- Estimular a creatividade e a motivación do alumnado a través de experiencias compartidas.
- Desenvolver habilidades de escoita, análise e reflexión crítica mediante audicións guiadas.
- Promover a convivencia interxeracional e a integración de alumnado de

diferentes niveis.

- Achegar a música á cidadanía como servizo cultural do Concello de Ortigueira.

9.2. Tipos de actividades

- **Audicións de aula:** presentación de exercicios de lectura, ditados colectivos e pequenas composicións elaboradas polo alumnado.
- **Concertos didácticos:** participación en proxectos conxuntos nos que se explican ao público aspectos básicos da linguaxe musical.
- **Obradoiros interdisciplinares:** colaboración entre profesorado de linguaxe musical, instrumento e conxunto para crear proxectos integrais (ex.: acompañamento de narracións, proxectos audiovisuais, etc.).
- **Audicións comentadas:** actividades de escoita guiada con explicacións previas e posteriores sobre estilos, formas e contextos culturais.
- **Gravacións audiovisuais:** rexistro de exercicios de entoación, lectura ou creación musical para seren compartidos no canle oficial de YouTube da Escola e na súa web.
- **Participación en actos culturais:** intervención do alumnado en actividades comunitarias (recitais, festivais locais, colaboración con asociacións culturais), sempre adaptadas ao nivel.
- **Proxectos dixitais:** creación de podcasts ou programas de radio escolar nos que o alumnado comenta e analiza pezas musicais, desenvolvendo ao tempo competencias comunicativas.

9.3. Papel do alumnado

- Preparar con responsabilidade as pezas ou exercicios que se presenten en público.
- Participar de maneira activa nas actividades propostas, valorando a aprendizaxe como experiencia compartida.
- Representar á Escola con respecto, disciplina e actitude positiva en todas as actividades externas.

10.- TEMAS TRANSVERSAIS

A materia de Linguaxe Musical é especialmente axeitada para integrar valores e aprendizaxes transversais, xa que combina a práctica individual e colectiva, a escoita, a creación e a convivencia. Estes temas introdúcense de maneira natural nas actividades da aula e nas experiencias complementarias da Escola.

10.1. Educación en valores e convivencia

- Promoción do respecto mutuo entre compañeiros/as e profesorado.
- Fomento da cooperación a través do traballo colectivo (lectura coral, ditados grupais, exercicios de percusión corporal).
- Interiorización da disciplina, da responsabilidade e da constancia como hábitos positivos.

10.2. Igualdade e inclusión

- Garantía da participación igualitaria de mulleres e homes en todas as actividades.
- Prevención de calquera forma de discriminación por razón de idade, xénero, procedencia ou condición persoal.
- Inclusión do alumnado con necesidades educativas especiais mediante adaptacións metodolóxicas.

10.3. Educación intercultural e respecto á diversidade

- Estudo de cancións e melodías de diferentes culturas e épocas, fomentando a tolerancia e a apertura.
- Recoñecemento e posta en valor da tradición musical galega como parte fundamental da identidade cultural propia.
- Participación en proxectos interdisciplinares que achegan repertorio de diferentes contextos culturais.

10.4. Educación ambiental e sustentabilidade

- Sensibilización sobre o coidado do medio ambiente en actividades da Escola (concertos ao aire libre, proxectos audiovisuais en contornas naturais).
- Uso responsable de materiais impresos (partituras, cadernos), fomentando

a reutilización e o apoio en recursos dixitais.

- Reflexión sobre a música como linguaxe universal tamén vinculada á natureza e aos seus ritmos.

10.5. Educación para a saúde

- Coidado da postura corporal durante a lectura, a escritura e a práctica de percusión corporal.
- Educación da voz como instrumento básico na entoación, evitando esforzos innecesarios.
- Desenvolvemento da respiración consciente e controlada, aplicable tamén á práctica instrumental.
- Prevención de hábitos prexudiciais relacionados co estudo, como tensión excesiva ou falta de pausas.

10.6. Educación para a cidadanía e participación social

- Valoración da música como ferramenta de integración comunitaria.
- Desenvolvemento do espírito crítico a través da análise de audicións e interpretacións.
- Implicación do alumnado en proxectos colectivos da Escola, entendendo a música como servizo á sociedade.
- Fomento da participación en actividades culturais do Concello, consolidando a Escola como espazo de dinamización sociocultural.

11.- TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC's)

O uso das TIC na materia de Linguaxe Musical considérase un recurso pedagóxico fundamental, xa que contribúe a facer a aprendizaxe máis motivadora, dinámica e conectada coa realidade contemporánea do alumnado. As tecnoloxías permiten mellorar a comprensión dos contidos, facilitar a autoavaliación e proxectar cara á sociedade o traballo realizado na Escola Municipal de Música de Ortigueira.

11.1. Uso de recursos TIC na aula

- **Pantalla dixital (ou proxector)** para a lectura colectiva de partituras, exercicios de ditado e análise de obras.
- **Audios play-along** que permiten ao alumnado practicar exercicios rítmicos e melódicos en casa ou na aula, reforzando a independencia do estudo.
- **Gravación de exercicios** (lectura, entoación, ditados) que permiten a autoavaliación, o seguimento da evolución e a detección de erros.
- **Aplicacións interactivas** de ritmo e solfexo, empregadas como complemento lúdico e motivador.

11.2. Difusión e proxectos dixitais da Escola

- **Canle oficial de YouTube da Escola**, onde se publican audicións, proxectos audiovisuais e actividades interdisciplinares que inclúen contidos de linguaxe musical.
- **Aula Online en ortigueiramusica.com**, que serve como repositorio de materiais, vídeos e información relevante para o alumnado e as familias.
- **Podcast/radio online da Escola**, onde o alumnado pode participar con explicacións, análise ou comentarios sobre obras traballadas en clase.
- **Proxectos colaborativos audiovisuais** (gravación de exercicios corais, proxectos conxuntos con instrumento e conxunto).

11.3. Función pedagóxica das TIC

- Favorecer a **autoavaliación**: o alumnado pode escoitar as súas gravacións e comparar a súa evolución.
- Potenciar a **aprendizaxe autónoma** fóra da aula mediante recursos dixitais dispoñibles en liña.
- Estimular a motivación a través de proxectos creativos con soporte audiovisual.
- Reforzar a **visibilidade e recoñecemento social** do traballo do alumnado e da Escola.

12.- CONTIDOS POR NIVEL – CURSO

12.1. Nivel Básico (BA-1, BA-2, BA-3)

Equivalencia: 1º e 2º de ensinanza elementais.

Obxectivo xeral do nivel: iniciar o alumnado na linguaxe musical, desenvolvendo progresivamente a lectura, a entoación, o sentido rítmico e a comprensión auditiva, en coordinación coa práctica instrumental.

BA-1

Obxectivos

- Relacionar a linguaxe musical coa práctica do instrumento.
- Iniciar o desenvolvemento auditivo melódico e rítmico.
- Aprender a escritura musical básica.
- Usar terminoloxía musical sinxela para comunicar coñecementos.
- Conseguir unha emisión vocal correcta.
- Asimilar os contidos teórico-prácticos do curso.
- Ler fórmulas rítmicas elementais nos compases básicos.
- Manter un caderno de exercicios ordenado.
- Participar con interese e respecto nas actividades de grupo.

Contidos

Lectura: clave de sol; notas do ámbito Do3–Sol4.

Ritmo: interiorización do pulso; figuras de redonda, branca, negra e corchea con silencios; punto na branca e negra; compases 2/4, 3/4, 4/4; anacruse; ligadura simple.

Entoación: escalas e arpexos de Do maior; intervalos de 2ª e 3ª maiores/menores, 4ª e 5ª xustas; entoación con e sen texto; fragmentos sinxelos con acompañamento; respiración básica.

Práctica auditiva: identificación de compases simples; ditados rítmicos e melódicos con graos conxuntos; diferenciación de timbres; sensibilización ao acorde maior/menor.

Audicións: obras sinxelas da música infantil, popular e tradicional.

Improvisación: xogos rítmicos con percusión corporal; improvisación melódica con dúas ou tres notas.

Teoría: pentagrama, clave de sol, figuras e silencios básicos, compás, barra divisoria, anacruse, punto e ligadura; tons e semitóns; intervalos por número; dinámica elemental.

BA-2

Obxectivos

- Consolidar os hábitos de lectura e escritura iniciados en BA-1.
- Ampliar o vocabulario rítmico e melódico.
- Traballar a respiración e emisión vocal con maior control.
- Relacionar teoría e práctica con exercicios aplicados ao instrumento.
- Participar activamente nas actividades colectivas.

Contidos

Lectura: clave de sol e iniciación á clave de fa (4ª); ámbito Sol2–Sol4.

Ritmo: semicorchea e silencio correspondente; punto en branca, negra e corchea; compás de 6/8; introdución aos tresillos; contratempos sinxelos.

Entoación: escalas de Do maior e La menor natural; intervalos ata a 5ª xusta; entoación básica a dúas voces; fragmentos melódicos con alteracións ocasionais.

Práctica auditiva: ditados rítmicos con semicorcheas e tresillos; ditados melódicos con saltos ata a 4ª; recoñecemento de tónica e dominante; identificación auditiva de acordes maiores e menores.

Audicións: obras de distintos estilos, con atención a maior/menor.
Improvisación: creación de ostinatos rítmicos e melódicos sinxelos; escribir un texto a ritmo dado.

Teoría: alteracións (sostido, bemol, becuadro); armaduras ata dúas alteracións; intervalos simples maiores, menores e xustos; caldeirón; dinámica e articulación básicas; noción de frase musical.

BA-3

Obxectivos

- Consolidar a lectura e escritura en clave de sol e fa.
- Ampliar o ámbito melódico e a complexidade rítmica.
- Introducir a entoación polifónica sinxela (cánones).
- Comezar a análise de frases musicais.
- Aplicar os coñecementos á práctica instrumental e de conxunto.

Contidos

Lectura: consolidación en clave de sol; práctica en clave de fa en 4ª; ampliación do ámbito melódico.

Ritmo: silencio de semicorchea; corchea con punto; anacruses frecuentes; síncopas básicas; cambios de dinámica e acentos.

Entoación: escalas maiores ata tres alteracións e menor natural; intervalos ata a 5ª; pequenos cánones e melodías a dúas voces; repertorio galego e popular adaptado.

Práctica auditiva: ditados rítmicos con anacruse e síncopa; ditados melódicos con saltos de 4ª e 5ª; identificación auditiva de cadencias sinxelas; recoñecemento de familias instrumentais.

Audicións: obras con estrutura binaria e ternaria sinxela; comparación de interpretacións.

Improvisación e creación: pequenas pezas rítmico-melódicas de 4 a 8 compases; improvisación vocal sobre base diatónica.

Teoría: introdución a menor natural; concepto inicial de tonalidade e dominante; tríadas maiores e menores en posición fundamental; signos de expresión (crescendo, diminuendo, staccato, legato); formas binaria e ternaria sinxelas.

Criterios de cualificación específicos — Nivel Básico (BA-1, BA-2, BA-3)

A cualificación baséase na observación continuada e nas evidencias recollidas en clase (lecturas, entoación, ditados, caderno, tarefas e participación). A escala é cualitativa (Excelente, Ben, Apto, Apto con mellora pendente, Necesita mellorar, Non apto) e **non** se empregan porcentaxes nin notas numéricas.

Dominios observables

- **Ritmo e pulso:** estabilidade do pulso, execución de fórmulas nos compases do nivel, sincronía grupal.

- **Entoación e emisión:** afinación, articulación vocal, respiración e expresividade axeitada ao nivel.
- **Lectura e teoría:** fluidez de lectura (clave de sol e, progresivamente, fa 4ª), comprensión de signos básicos, uso correcto da terminoloxía.
- **Ditado e escoita:** reprodución de patróns rítmicos/melódicos propios do nivel e identificación auditiva elemental (tónica/dominante, timbres, cadencias sinxelas en BA-3).
- **Caderno e tarefas:** orde, completitude e coidado; entrega regular das tarefas.
- **Actitude e participación:** asistencia, puntualidade, respecto polas normas, colaboración no grupo e disposición á mellora.

Descritores cualitativos por dominio (aplícanse a BA-1/2/3 co programa e dificultade do seu curso)

- **Excelente**

Mantén pulso e precisión constantes; lectura e entoación moi fluídas e afinadas; ditados resoltos con autonomía; terminoloxía correcta; caderno completo e coidado; participación proactiva e exemplar.

- **Ben**

Pulso estable con pequenas imprecisións puntuais; lectura e entoación correctas para o nivel; ditados maioritariamente acertados; terminoloxía case sempre adecuada; caderno ordenado; participación activa e colaborativa.

- **Apto**

Cumpre os mínimos: pulso xeralmente estable; lectura e entoación suficientes; ditados sinxelos correctos; terminoloxía básica; caderno acceptable; actitude axeitada e evolución positiva.

- **Apto con mellora pendente**

Cumple o mínimo pero precisa reforzo claro nun ou dous dominios (p.ex. estabilidade rítmica ou entoación); requírese plan de mellora no seguinte trimestre; caderno/tarefas mellorables.

- **Necesita mellorar**

Dificultades recorrentes en varios dominios (pulso, entoación, lectura/ditado)

que limitan o progreso; terminoloxía imprecisa; caderno incompleto; precisa apoio e adaptacións metodolóxicas.

- **Non apto**

Non se observan avances significativos nin hábitos de estudo; faltas de asistencia/puntualidade que impiden a avaliación continua; caderno/tarefas ausentes.

Evidencias e instrumentos

- **Observación sistemática en clase** (lecturas, entoación, ditados, actividades colectivas).
- **Caderno e tarefas** (revisión trimestral).
- **Pequenas probas prácticas** de lectura/entoación/ditado propias do nivel.
- **Autoavaliación guiada** (escoita de gravacións) e **coevaluación** en dinámicas de grupo.
- **Informe Individual de Seguimento** por trimestre (envío por correo) e **tutoría mínima trimestral** para acordar obxectivos de mellora.

Criterios de promoción dentro do Básico

- **BA-1 → BA-2:** pulso globalmente estable en 2/4, 3/4, 4/4; lectura en clave de sol no ámbito do curso; entoación de Do M (e La m sensibilidade) con afinación básica; ditados rítmico-melódicos sinxelos.
- **BA-2 → BA-3:** consolidación de 6/8 e tresillos; iniciación a clave de fa 4ª; entoación de Do M e La m con alteracións ocasionais; ditados con semicorcheas; uso funcional de terminoloxía elemental.
- **BA-3 → Intermedio:** lectura fluída en sol e manexo inicial de fa 4ª; control de síncopas básicas e anacruse; entoación de maiores (ata 3 alteracións) e menor natural; ditados con 4ª/5ª; nocións de cadencia simple e signos de expresión.

Notas organizativas:

- En caso de **Apto con mellora pendente**, establécese un plan de reforzo para o

seguinte trimestre/curso, indicado no informe.

- A promoción final decídese pola **progresión global** e pola consecución dos obxectivos do nivel (art. 18 do Regulamento).

12.2. Nivel Intermedio (IN-1, IN-2, IN-3)

Equivalencia: 3º e 4º de ensinanzas elementais.

Obxectivo xeral: consolidar lectura e escritura en varias claves, ampliar vocabulario rítmico e melódico, fortalecer a entoación e a audición, e iniciar análise e creación en contextos tonais sinxelos, coordinado co instrumento e co conxunto.

IN-1

Obxectivos

- Relacionar a linguaxe musical coa práctica do instrumento.
- Afondar no desenvolvemento auditivo melódico-rítmico.
- Consolidar a escritura musical aplicada á aula.
- Empregar terminoloxía musical básica de forma rigorosa.
- Mellorar respiración, emisión e articulación da voz.
- Asimilar os contidos teórico-prácticos do curso.
- Acadar soltura na lectura das fórmulas rítmicas do programa.
- Manter o caderno de exercicios coidado e completo.
- Participar activamente e con respecto no traballo grupal.

Contidos

Lectura

- Claves: sol e fa en 4ª; práctica de lectura simultánea (polifonía básica entre liñas/baixos).

Ritmo

- Figuras ata semicorchea e silencios correspondentes; punto ata corchea.
- Síncopas e contratempos en compases simples; incorporación de 2/2.
- Compases compostos: 6/8 (consolidación), 9/8, 12/8 e 3/8.
- Equivalencias de pulso = pulso; nocións de tempo, dinámica e agónica.
- Ritmos simultáneos, repentización e memoria.
- Grupos de valoración especial regulares nun pulso (tresillos).
- Práctica de fórmulas en compases simples e compostos.

Entoación

- Con/sen acompañamento; respiración, articulación e emisión.
- Escalas e arpechos de tonalidades ata dúas alteracións.
- Intervalos simples: maiores, menores e xustos (ata 6ª); tritono só como sensibilización auditiva.
- Cromatismo básico contextualizado.
- Entoación con e sen texto; dúas e tres voces sinxelas.
- Memoria, repentización e transposición por graos conxuntos.

Práctica auditiva

- Ditados rítmicos e melódicos cos elementos do curso.
- Ditado melódico-rítmico integrado.
- Ditado interválico (melódico/harmónico) de intervalos simples frecuentes.
- Recoñecemento de tríadas maior e menor; diferenciación de timbres.
- Sensación de tónica, subdominante e dominante.

Audición

- Itinerario de audicións con comentarios: percepción de Tónica-Dominante-Subdominante e cadencias elementais.

Improvisación

- Obstinatos rítmicos e melódicos; improvisación guiada sobre pautas sinxelas.

Teoría da música

- Formalización dos contidos prácticos: compases simples/compostos; unidade de tempo/compás/subdivisión.
- Signos de repetición; puntos de complemento e ampliación.
- Termos de tempo, carácter, articulación, dinámica e agónica.
- Clasificación básica de intervalos (xustos/maiores/menores) e nome dos graos; graos tonais e modais.
- Tonalidade e modalidade; relación armadura-tonalidade (ata dúas alteracións).
- Coñecemento progresivo de familias instrumentais.

Criterios de avaliación (IN-1)

- Executa con pulso estable as fórmulas rítmicas en 2/4, 3/4, 4/4 e 2/2; e en 6/8, 9/8, 12/8 e 3/8 segundo o traballado.
- Le con solvencia en clave de sol (Sol2–Do5 aprox.) e identifica en fa 4ª (Sol1–Mi3 aprox.).
- Entoa con afinación escalas/arpexos de Do M, La m, Sol M, Mi m e ata dúas alteracións, con/sen acompañamento.
- Realiza respiración costo-diafragmática e emisión adecuada.
- Transcribe ditados rítmicos e melódico-rítmicos propios do nivel.
- Aplica en exercicios os contidos teóricos: compases, alteracións, armadura, repeticións, termos de tempo/carácter/articulación, intervalos básicos, modo menor (tons/semitóns), equivalencias, graos, relación tonalidade-armadura (modo maior) e tríadas maior/menor.
- Mantén boa caligrafía e terminoloxía axeitada; actitude responsable e colaborativa.

Nota organizativa: avaliación continua e cualitativa (ver apartados 6 e 7). Sen notas numéricas.

IN-2

Obxectivos

